

CORRECCIÓN DE ERROS DA INSTRUCIÓN DA XERENCIA 11/2019, DO 2 DE XULLO, POLA QUE SE AMPLÍAN OS SERVIZOS ESENCIAIS ESTABLECIDOS NA INSTRUCIÓN 7/2019 DURANTE O PECHE DOS CENTROS, INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 7 E O 19 DE AGOSTO DE 2019.

Advertidos erros no punto 1 da instrución da Xerencia 11/2019, do 2 de xullo, pola que se amplían os servizos esenciais establecidos na instrución 7/2019 durante o peche dos centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo no período comprendido entre o 7 e o 19 de agosto de 2019.

De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procédese a súa rectificación, nos seguintes termos:

Na alíneas 1.2 e 1.3, onde di:

1.2. SERVICIOS INFORMÁTICOS. PORTAL WEB.

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións.

1.3. SERVICIOS INFORMÁTICOS. CORREO ELECTRÓNICO.

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións.

Debe dicir:

1.2. SERVICIOS INFORMÁTICOS. ALOXAMENTO DO PORTAL WEB e CORREO ELECTRÓNICO.

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións.

1.3. SERVICIOS INFORMÁTICOS. ATENCIÓN A USUARIOS DOS 3 SERVICIOS ANTERIORES.

- 1 técnico/a da área de tecnoloxías da información e comunicacións.

Así mesmo, no último parágrafo do punto 1, onde di:

No concerne aos criterios aplicables para a selección do persoal que prestará estes servizos, aplicarase o establecido na instrución 7/2019.

Debe dicir:

Por razóns de operatividade, esta instrución atinxe ao persoal da área de tecnoloxías da información e comunicación destinado no campus de Vigo e que no seu día a día xa está a



desenvolver o seu traballo realizando o mantemento dos servizos indicados ou a atención ao usuario dos mesmos.

No concerne aos criterios para a selección do persoal que prestará estes servizos, aplicarase o establecido na instrución 7/2019.

Vigo, 9 de xullo de 2019
A Xerenta
Por suplencia (R.R. 26/06/2019)
O Vicexerente de Recursos Humanos

